

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca.

O 1 de xaneiro de 2007 entrou en vigor o Regulamento (CE) 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Pesca (FEP), que substitúe o Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) e define o marco de apoio comunitario a favor do desenvolvemento sostible do sector pesqueiro.

Entre outras medidas, cuxa finalidade específica é a promoción dun equilibrio sustentable e duradeiro entre os recursos acuáticos e a capacidade de pesca da flota pesqueira, o Fondo Europeo da Pesca regula as condicións nas que se poderán outorgar as axudas destinadas a financiar investimentos a bordo dos buques pesqueiros. Os investimentos financiados polo fondo relaciónanse no artigo 25 do seu regulamento, estando basicamente dirixida a mellorar a seguridade a bordo dos buques, as condicións de traballo, a hixiene, a calidade dos produtos, o rendemento enerxético e a selectividade.

Posteriormente, este ámbito de actuación foi obxecto dunha nova regulamentación en virtude do Regulamento (CE) 744/2008, do Consello, do 24 de xullo, polo que establece unha acción específica e temporal para promover a reestruturación das flotas pesqueiras da Unión Europea afectadas pola crise económica.

Este novo regulamento establece unha serie de medidas adicionais para a adaptación da flota pesqueira comunitaria que complementan e autorizan excepcións temporais aos regulamentos (CE) 2371/2002 e (CE) 1198/2006.

O Regulamento (CE) 744/2008 prevé unha serie de excepcións ou condicións máis favorables que as previstas no artigo 25 e anexo II do Regulamento (CE) 1198/2006, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, á vista do novo marco normativo e tamén tendo en conta a aplicación práctica das anteriores bases reguladoras destas axudas aprobadas por Orde do 16 de abril de 2008 (DOG nº 109, do 6 de xuño), considera necesario arbitrar un mecanismo que permita adoptar medidas para facilitar a adaptación da flota pesqueira ás novas condicións sociais e económicas con garantías de sustentabilidade.

Co fin de garantir este obxectivo, por medio desta orde establécense novas bases reguladoras para a concesión de axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade, encadradas no eixo 1 do Fondo Europeo da Pesca, actualmente recollidas na Orde do 16 de abril de 2008.

Para unha mellor comprensión e para facilitar a consulta e manexo por parte dos interesados, publícase íntegro o contido das bases reguladoras, que substitúen as aprobadas por orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 16 de abril de 2008.

En consecuencia e, de acordo co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras de concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade, aprobadas por orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 16 de abril de 2008, e referidas ás medidas reguladas no artigo 25 do Regulamento (CE) 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca, incluíndo nelas as novidades introducidas polo Regulamento (CE) 744/2008, do Consello, do 24 de xullo, polo que se establece unha acción específica temporal para promover a reestruturación das flotas pesqueiras da Unión Europea afectadas pola crise económica.

Artigo 2º.-*Finalidade das axudas.*

A finalidade das axudas reguladas nesta orde é a de contribuír á modernización da flota pesqueira galega mediante o financiamento de investimentos a bordo dos buques, en particular, daqueles equipos, artes ou motores que melloren significativamente o rendemento enerxético e que reduzan as emisións e contribúan á loita contra o cambio climático.

Artigo 3º.-*Marco normativo.*

Para a concesión e execución destas subvencións haberá que aterse ao disposto nas bases reguladoras establecidas nesta orde así como nas normas seguintes:

a) Regulamento (CE) 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca e resto de disposicións comunitarias aplicables.

b) Regulamento (CE) 744/2008, do Consello, do 24 de xullo de 2008, polo que establece unha acción específica e temporal para promover a reestruturación das flotas pesqueiras da Unión Europea afectadas pola crise económica.

c) Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

d) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no

que non se opoña á antedita Lei de subvencións de Galicia.

f) Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas súas posteriores modificacións.

g) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

h) Se é o caso, normativa reguladora da tramitación anticipada de expedientes de gasto (orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001).

i) Normativa básica do Estado.

Artigo 4º.-Crédito orzamentario.

1. As axudas concederanse con cargo ás aplicacións orzamentarias que en cada un dos anos de vixencia do programa operativo FEP 2007-2013 sinala a correspondente Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. En cada anualidade sucesiva ata o ano 2013 fíxase mediante unha orde complementaria o crédito anual existente.

3. Os importes fixados en cada convocatoria, así como as aplicacións a que se imputen, poderanse ampliar con fondos incorporados e remanentes adicionais, sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

4. As axudas estarán limitadas, en todo caso, ás dispoñibilidades orzamentarias.

5. Para o ano 2009 as axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 14.03.723A.770.3 que figura dotada no orzamento de gastos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para 2009. Os importes máximos das subvencións que se concedan no dito exercicio orzamentario ascenderán a 16.757.895 euros, distribuídos nas seguintes anualidades:

Anualidade 2009: 9.575.940 euros.

Anualidade 2010: 7.181.955 euros.

Artigo 5º.-Requisitos xerais dos beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios os propietarios e/ou armadores de buques pesqueiros de cinco anos ou máis, que teñan o seu porto base na Comunidade Autónoma galega.

2. Para os efectos exclusivos desta orde, para calcular a idade do buque tomarase como data de inicio a de entrada en servizo do devandito buque, e como data final, o día no que remate o prazo de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente.

3. Non poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Os solicitantes da axuda deben estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Os solicitantes tamén deben cumprir os requisitos exixidos na normativa básica do Estado non sinalados nos puntos anteriores.

Artigo 6º.-Requisitos específicos.

1. No momento da presentación da solicitude, os interesados deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter o buque inscrito na lista 3ª no Censo de Flota Pesqueira Operativa e no Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia.

b) Ter a correspondente autorización para realizar os investimentos solicitados naqueles casos en que esta sexa necesaria. A necesidade desta autorización recollerase na acta de non inicio, que será notificada ao interesado, dándosele un prazo de 45 días desde a notificación da acta para achegar a autorización preceptiva.

2. Deberase ter autorización para as seguintes obras:

a) Todas aquelas reformas do buque que dean lugar á variación das seguintes características:

I. Manga.

II. Puntal.

III. Eslora entre perpendiculares.

IV. Eslora total.

V. Arqueo.

VI. Material do casco.

b) Todos os cambios de motor.

c) Obras que impliquen aumento da potencia auxiliar do buque pesqueiro.

d) Modificación ou alteración da capacidade dos tanques de combustible.

e) Obras que impliquen reformas que afecten a estabilidade e a navegabilidade.

Artigo 7º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios, ao formalizar a súa solicitude, sométese voluntariamente ao cumprimento das condicións que se establecen nesta orde para a concesión e pagamento das subvencións, así como ao cumprimento dos requisitos estipulados na normativa de aplicación a estas.

2. Os beneficiarios deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Executar as actuacións obxecto da subvención dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión con cumprimento das condicións e prescricións establecidas nela, nesta orde de convocatoria ou demais normativa de aplicación, de forma que se poida realizar a comprobación

documental e material deste. Excepcionalmente, en casos xustificados, os prazos poderán ser prorrogados por resolución expresa e logo de petición do interesado.

b) Acreditar, mediante declaración responsable, que non teñen pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

c) Manter a propiedade do buque durante un período mínimo de cinco anos. Durante este período o beneficiario deberá solicitar autorización á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos se pretendese allealo.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente ou calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competente, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicar á consellería a obtención doutras subvencións e axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente, tanto públicos como privados.

f) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a presentación da solicitude de concesión de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, co fin de acreditar de que o solicitante está ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlles requiridos aos interesados.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de cinco anos desde a percepción do último pagamento, para os efectos de comprobación e control.

h) Os beneficiarios quedan obrigados a comunicarlle á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos calquera circunstancia que poida afectar substancialmente á execución dos fins para os que foi concedida a axuda.

i) Os beneficiarios terán a obriga de dar a axeitada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento realizado, con expresa mención á participación do Fondo Europeo de Pesca, nos termos regulamentariamente establecidos.

j) Se o beneficiario é unha pluralidade de persoas sen personalidade xurídica propia, a agrupación non

poderá disolverse ata que transcorran catro anos desde o cobramento da axuda, para os efectos do previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 8º.-*Investimentos obxecto de subvención.*

1. Poderán ser elixibles ao abeiro desta orde os investimentos que se realicen a bordo dos buques e que teñan as seguintes finalidades:

- a) Mellora da seguridade a bordo do buque.
- b) Mellora das condicións de traballo.
- c) Mellora das condicións de hixiene.
- d) Mellora da calidade e conservación dos produtos.
- e) Mellora do rendemento enerxético.
- f) Mellora da selectividade.
- g) Substitución do motor.
- h) Substitución das artes de pesca por outras máis selectivas.
- i) Investimentos establecidos no artigo 25.6º do FEP.
- j) Investimentos establecidos no artigo 7 do Regulamento (CE) nº 744/2008 sempre que os devanditos investimentos non aumenten a capacidade pesqueira dos buques.

Artigo 9º.-*Investimentos non elixibles.*

Non serán elixibles os investimentos e gastos seguintes:

- a) Aqueles investimentos que impliquen aumento de capacidade das adegas.
- b) Os investimentos non previstos no proxecto presentado coa solicitude de axuda.
- c) Nos proxectos de modernización, todas aquelas obras que supoñan a substitución de elementos deteriorados sen que se produza mellora significativa nestes.

Artigo 10º.-*Condicións específicas para os investimentos en cambios de motor.*

1. Durante todo o período de vixencia do FEP poderase subvencionar un só cambio de motor por buque, sempre que:

- a) nos buques de eslora total inferior a 12 metros que non utilicen artes de arrastre das indicadas no cadro 3 do anexo I do Regulamento da Comisión Europea do 30 de decembro de 2003 (R CE 26/2004) a potencia do novo motor sexa igual ou inferior á do motor antigo.
- b) nos buques cuxa eslora total non supere os 24 metros e non estean recollidos na letra a) a potencia do novo motor sexa inferior nun 20%, como mínimo, á do motor antigo.
- c) nos buques de arrastre cuxa eslora total supere os 24 metros a potencia do novo motor sexa inferior nun 20%, como mínimo, á do motor antigo, o buque sexa obxecto dun plan de salvamento e reestruturación dos

indicados no artigo 21.1º f) do FEP e opte por un método de pesca que consuma menos combustible.

2. A redución do 20% na potencia do motor poderá ser acadada por un grupo de buques cuxa eslora total supere os 12 metros, cos seguintes requisitos para todos os buques integrantes dos grupos:

- a) identificación individual de cada buque.
- b) que faenen na mesma zona de xestión.
- c) que utilicen a mesma arte de pesca principal, segundo a enumeración do apéndice III, sección C, do Regulamento (CE) 1639/2001, da Comisión.
- d) o número de buques integrantes do grupo non superará os 50.

3. No caso dos investimentos acollidos ao previsto no Regulamento (CE) 744/2008, os novos motores deberán cumprir co requisito da redución de emisións. Os investimentos acollidos a este regulamento só serán financiados polo FEP para as resolucións de concesión de axuda que se emitan ata o 31 de decembro de 2010.

Artigo 11º.-Condicións específicas para o cambio de artes de pesca.

Poderán ser obxecto de subvención os investimentos para o cambio de redes coas seguintes condicións:

1. Durante todo o período de vixencia do FEP poderán ser subvencionados como máximo dous cambios nas artes de pesca a unha arte máis selectiva que a que tiña, sempre que o buque cumpra cos requisitos seguintes:

- a) Estar incluídos nun plan de axuste do esforzo pesqueiro dos indicados no artigo 21, letra a), inciso i) do Regulamento base do FEP.
- b) Ter solicitada a autorización para modificar a arte de pesca.
- c) Ter solicitada a autorización para cambiar de pesqueira.

2. Tamén é subvencionable ata dous cambios nas artes de pesca, sempre que a nova arte sexa máis selectiva e se axuste a criterios e prácticas ambientais recoñecidas, máis estritas que as obrigas regulamentarias existentes no marco da normativa comunitaria.

3. Tamén poderá ser subvencionado o primeiro cambio da arte de pesca.

Os investimentos indicados nos puntos 2 e 3 deste artigo serán subvencionables sempre que:

- a) Se teña a autorización oportuna, se é o caso.
- b) Se axuste aos novos requisitos técnicos en materia de selectividade estipulados na lexislación comunitaria.
- c) Reduzan o impacto da pesca en especies non comerciais.

Artigo 12.-Certificación de non inicio.

1. Como norma xeral, os investimentos ou gastos para os que se solicita axuda non se poderán iniciar

antes da data de presentación da solicitude de axuda nin antes da realización da acta de comprobación previa por parte dos servizos da consellería.

2. O non inicio acreditarase mediante certificación dos servizos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, certificación que se solicitará, polo menos, con 15 días de antelación ao comezo dos investimentos.

3. Con carácter estritamente excepcional ao previsto anteriormente poderá solicitarse xustificadamente á delegación territorial correspondente, e acordarse, se é o caso, por resolución do delegado territorial, a realización da certificación de non inicio nos seguintes supostos:

- a) Se as obras se realizan noutra comunidade autónoma, esta certificación poderá ser emitida polos servizos correspondentes desa comunidade autónoma.
- b) Se as obras se fan no estranxeiro, esta certificación poderá ser emitida pola entidade ou organismo habilitado coa inescusable intervención das autoridades consulares españolas.

4. Se fose necesario realizar as obras antes da apertura de presentación de solicitudes da convocatoria anual correspondente e sempre que se xustifique debidamente, de forma excepcional poderá facerse unha certificación de non inicio inmediatamente antes de que as obras comecen. Esta certificación solicitarase acompañada do proxecto, memoria descritiva dos aspectos técnicos e económicos do investimento, facturas pro forma ou catálogos que permitan facer unha valoración da obra que se está a realizar e terá efectos na convocatoria inmediatamente seguinte.

5. No caso de que a solicitude non fose seleccionada a certificación de non inicio poderá ter efecto tamén na seguinte convocatoria, sempre que o solicitante confirmase a súa solicitude de axuda.

6. A realización da certificación de non inicio en ningún caso implica dereito nin mérito para a concesión da axuda.

Artigo 13º.-Tipo e contía das axudas.

1. As axudas reguladas nesta orde teñen o carácter de subvencións de capital.

2. Con carácter xeral, a porcentaxe máxima de contribución pública das axudas será, de acordo co establecido no anexo II do Regulamento do FEP, igual ou menor ao 40% do total dos gastos elixibles. No caso de cambios de motor, o importe de axuda será como máximo un 20% do gasto elixible.

3. O importe do investimento subvencionable será o que se obteña da valoración das obras ou investimentos con criterios técnico-económicos, obxectivos e homoxéneos, de acordo cos informes emitidos ao abeiro do convenio existente co Colexio de Enxeñeiros Navais e Oceánicos.

4. No caso dos investimentos realizados en buques de pesca costeira artesanal a porcentaxe de axuda poderá ser igual ou menor ao 60% do total dos gastos

elixibles. Para estes efectos, terán a consideración de buques de pesca costeira artesanal aqueles buques pesqueiros de eslora total inferior a 12 metros, que non utilicen as artes de arrastre previstas no anexo I do Regulamento (CE) 26/2004, da Comisión, do 30 de decembro de 2003.

5. Non obstante o indicado nos puntos anteriores, no caso dos investimentos a bordo acollidos ao previsto no Regulamento (CE) 744/2008, a porcentaxe de axuda poderá acadar o 60%.

6. O gasto máximo elixible en todo o período de vixencia do FEP será o 50% do valor que lle correspondería ao buque por paralización definitiva durante o primeiro ano de programación do Fondo Europeo de Pesca, valor que poderá ser incrementado para os casos de investimentos en seguridade.

7. O número máximo de axudas para investimentos a bordo que se poderán conceder en todo o período de vixencia do FEP será de tres, salvo causas de forza maior debidamente xustificadas.

8. Procederá a devolución proporcional das axudas concedidas se o buque é dado de baixa no Censo da Flota Pesqueira Operativa dentro do prazo de cinco anos desde a data de remate dos traballos acreditada coa acta de fin de obra.

Artigo 14º.-*Compatibilidade das axudas.*

1. As axudas establecidas nestas bases reguladoras serán compatibles con calquera outra concedida por outras administracións públicas ou por entidades públicas ou privadas, sempre que non teñan financiamento parcial ou total de fondos procedentes doutro instrumento financeiro comunitario e a suma total das axudas non supere a porcentaxe máxima fixada no Regulamento (CE) 1198/2006 para a contribución pública.

2. No suposto de que a suma de todas as axudas supere os devanditos límites, procederase por resolución do órgano concedente, á minoración da axuda concedida.

Artigo 15º.-*Prazos de solicitude e resolución.*

1. Anualmente publicaranse os períodos de presentación de solicitudes para cada unha das anualidades 2010 a 2013. Para a anualidade de 2009 o prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

2. Aquelas solicitudes que non puidesen ser atendidas no período correspondente, exclusivamente por falta de disponibilidades orzamentarias, poderán ser tomadas en consideración no período seguinte, logo de confirmación polo solicitante e sen que isto supoña preferencia ningunha como criterio de selección.

3. A resolución emitirase e notificarase aos interesados no prazo máximo de seis meses desde a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da correspondente convocatoria anual. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se notifique a resolución posibilitará que os interesados poidan entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 16º.-*Forma de presentación de solicitudes e documentación necesaria.*

1. A solicitude presentarse de acordo co modelo do anexo I desta orde nas delegacións territoriais ou comarcais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ou en calquera das oficinas a que se refire o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes incluírán un exemplar orixinal ou copia debidamente compulsada e tres copias da documentación que se relaciona a continuación:

a) Autorización ou solicitude de autorización para a realización do investimento previsto no caso de que esta sexa necesaria nos termos previstos no artigo 6º.

b) Certificación actualizada do Rexistro Mercantil acreditativa da propiedade do buque.

c) Certificación bancaria da conta onde se procederá ao pagamento da axuda.

d) Formulario do anexo II relativo ao financiamento do proxecto.

e) Formulario do anexo IV debidamente cuberto, no que conste a memoria explicativa dos aspectos técnicos e económicos do investimento cunha descrición sintética das obras e equipamentos concretos que se van realizar, relacionados dentro das correspondentes epígrafes de investimentos elixibles, coa indicación do custo máximo previsto, sen IVE.

f) Nas obras que así o requiran, proxecto valorado asinado polo técnico competente. Neste caso, o proxecto presentarse tamén en formato dixital.

g) Cando os investimentos consistan en equipamentos: catálogos, especificacións e facturas pro forma.

h) Ademais:

1. Se o solicitante é unha persoa física e propietario do barco:

I. Copia cotexada do DNI do propietario do barco.

2. Se o solicitante é unha persoa física e armador do barco:

I. Copia cotexada do DNI do armador.

II. Folla de asento actualizada na que figure o solicitante como armador do buque.

III. Copia cotexada do contrato de arrendamento do buque.

3. Se o barco pertence a unha persoa xurídica:

I. Copia cotexada da tarxeta de identificación fiscal e copia cotexada do DNI e poder do representante.

II. Certificación rexistral na que figure a constitución da sociedade e estatutos vixentes.

4. Se o barco pertence a unha pluralidade de persoas:

I. A solicitude normalizada conterá a designación dun representante e será subscriba por todos os propietarios.

II. Copia cotexada do DNI de cada un dos propietarios da embarcación e do CIF da comunidade de bens ou sociedade civil.

III. Copia cotexada da escritura de constitución da comunidade de bens ou sociedade civil na que deberá constar a relación dos membros que a compoñen e a porcentaxe de participación de cada un deles, ou no seu defecto declaración responsable asinada por todos os socios, segundo modelo do anexo VII.

IV. Compromiso de non disolución da agrupación ata transcorridos catro anos desde a concesión da axuda.

V. A certificación bancaria debe ser dunha conta na que sexan titulares todos os integrantes da agrupación.

3. Considerase o mínimo imprescindible para a tramitación de solicitudes presentar con elas os documentos seguintes, dos mencionados neste artigo 16º.

-Anexo I, anexo IV.

-A documentación sinalada no punto 2 da letra b).

-A documentación sinalada na letra h) 1.I; 2.I e II; 3. I. e II. e 4 I. II e III.

Non serán admitidas, en consecuencia, aquelas solicitudes nas que se aprecie a ausencia dalgún destes documentos.

4. A solicitude e os seus anexos en formato electrónico poderanse descargar a través dos servizos de administración electrónica da páxina web <http://web-pesca.xunta.es>.

Artigo 17º.-*Tramitación das solicitudes.*

1. As delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos analizarán os expedientes, requirirán a documentación necesaria, se é o caso.

2. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou remita os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 5.4º,

resulta que o solicitante non está ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

3. Non se aplicará o disposto no número anterior ás solicitudes que non veñan acompañadas como mínimo da documentación sinalada no punto 3 do artigo 16 desta orde, que non serán admitidas.

4. A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá ser presentada no rexistro da Delegación Territorial da Consellería de Pesca a quen corresponda a tramitación do expediente, salvo que no escrito de requirimento se sinala outra cousa. A documentación presentada nun rexistro distinto poderá ser rexeitada se ten entrada no rexistro indicado no requirimento fóra do prazo inicial de 10 días conferidos para a súa entrega.

5. Sen prexuízo do disposto no punto 2 deste artigo, poderá requirirse ao solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

6. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas que, se é o caso, se produzan, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesarias, serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte. Para estes efectos, as delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos elaborarán un informe á vista do cal o Servizo de Flota da Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca analizará e clasificará os proxectos de acordo cos criterios fixados nas bases da convocatoria.

7. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na que se indicarán as causas que a motivan.

8. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e, se é o caso, rematado o prazo de emenda establecido no punto 2 deste artigo, o solicitante non poderá modificar a súa solicitude de axuda aumentando o importe total do investimento nin incluíndo novos conceptos para os cales solicita axuda.

Artigo 18º.-*Comisión de avaliación.*

1. Os expedientes serán avaliados por unha comisión de avaliación constituída na Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca que, de non considerarse necesaria máis documentación, emitirá un informe co resultado da selección das solicitudes propostas, que será incorporado ao expediente.

2. A composición da comisión avaliadora determinarase na correspondente orde de convocatoria. Para a convocatoria do ano 2009 a composición da comisión avaliadora será a seguinte:

a) Presidente/a: director/a xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

b) Vogais: subdirector/a xeral de Estruturas Pesqueiras, un funcionario adscrito á Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca designado polo presidente e os xefes de Servizo de Estruturas e Mercados da Pesca de cada unha das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Un dos vogais da comisión actuará como secretario.

3. En caso de imposibilidade de asistir a algunha das sesións, os membros do órgano colexiado poderán ser substituídos pola persoa que designe o/a presidente/a.

4. A comisión de avaliación poderá traballar asistida dos asesores que considere conveniente, así como solicitar informes a expertos técnicos na materia.

5. No informe que formule a comisión figurarán de forma individualizada os solicitantes propostos para obter a subvención, indicándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios fixados no artigo seguinte. Así mesmo, indicarase o importe da subvención para cada un deles.

6. Establecerase unha lista de reserva con aquelas solicitudes que, reunindo os requisitos establecidos na orde de convocatoria, non alcanzasen a puntuación necesaria para ser seleccionados por falta de crédito.

7. O presidente da comisión de avaliación elevará a proposta de resolución desta ao órgano concedente, quen ditará a correspondente resolución de concesión logo da preceptiva fiscalización do gasto.

Artigo 19º.-*Criterios de selección.*

1. Os proxectos que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables. A comisión de avaliación poderá considerar como non viables proxectos ou actuacións presentados e, consecuentemente, propoñer a non concesión da subvención. Así mesmo, á vista das solicitudes presentadas, poderá establecer límites máximos de investimentos elixibles, tanto por beneficiario coma por actuación ou concepto elixible.

2. Os investimentos subvencionables valoraranse segundo o seguinte baremo:

a) Investimentos na mellora das medidas de seguridade: 5 a 27 puntos.

b) Investimentos das condicións de traballo: 4 a 15 puntos.

c) Investimentos na mellora das condicións de hixiene: 3 a 12 puntos.

d) Investimentos na mellora da calidade e conservación dos produtos: 3 a 10 puntos.

e) Investimentos na mellora do rendemento enerxético e da selectividade: 2 a 8 puntos.

f) Substitución das artes de pesca: 5 puntos.

g) Substitución do motor: 3 puntos.

Ter asinado un convenio colectivo ou estar adherido a algún existente, segundo o tipo de flota de que se trate: 20 puntos.

No caso de empate terán preferencia o buque de menor antigüidade.

En calquera caso, terán prioridade sobre o resto da flota os barcos de pesca costeira artesanal.

En último lugar serán tidas en conta aquelas solicitudes que en anteriores convocatorias renunciaren unha vez aceptada a concesión da axuda, salvo que esta renuncia se producise por causas xustificadas que serán sometidas á consideración da comisión avaliadora.

Artigo 20º.-*Resolución e aceptación.*

1. A resolución das solicitudes correspóndelle á conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos que poderá delegar a devandita competencia no director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución da axuda será de seis meses desde a data de publicación desta orde de convocatoria de axudas no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido este sen resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións serán notificadas ao solicitante que terá un prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación para a súa aceptación. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda.

4. Coa aceptación da axuda deberase constituír un aval ou depósito en metálico por un importe do 4% do investimento subvencionable co fin de garantir o bo fin do investimento. Os buques coas obras rematadas no momento da aceptación da axuda quedan exonerados desta obriga, logo de petición da realización da certificación de fin de obra e comprobación polos servizos da consellería.

5. A resolución de concesión indicará, entre outros aspectos, os compromisos asumidos polos beneficiarios, os créditos orzamentarios aos cales se imputa o gasto, contía da subvención individualizada e a porcentaxe de financiamento do Fondo Europeo da Pesca, os prazos e modos de pagamento da subvención e o prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención.

Artigo 21º.-*Recursos.*

Contra a resolución que se dite, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao da súa notificación ou de tres (3) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, por silencio administrativo negativo, segundo sexa o caso, ou recurso contencioso-administrativo perante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous (2) meses contados desde o

día seguinte ao da súa notificación ou de seis (6) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, por silencio administrativo negativo, segundo o caso.

Todo isto sen prexuízo de que o interesado poida interpor calquera outro que considere pertinente.

Artigo 22º.-Modificación da resolución.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en particular, a obtención concorrente de subvencións e axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais e o incumprimento dos prazos de realización das obras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión ou á súa revogación, no caso de considerarse que a modificación afecta a un aspecto substancial da concesión.

2. Calquera modificación dos investimentos aprobados que supoña un cambio de beneficiario, prazos ou variación notoria do orzamento, así como de calquera condición específica indicada na resolución, requirirá resolución expresa por parte da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e deberá ser comunicada por escrito con anterioridade á súa realización.

No escrito deixarase constancia debidamente motivada das razóns que aconsellan a modificación proposta.

3. A autorización para a modificación dos termos nos que foi concedida a axuda quedará condicionada aos seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade destas bases reguladoras e da convocatoria oportuna.

b) Que a modificación non cause prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos ou circunstancias que motiven a modificación, de concorrer na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

d) Que o proxecto modificado, en caso de que fose presentado co resto das solicitudes, resultase seleccionado na concesión inicial, seguindo os criterios de selección fixados.

4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión ou, se é o caso, o da súa denegación, será ditado polo órgano concedente, unha vez instruído o correspondente expediente, no que se dará audiencia ao interesado. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento, nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

5. Como norma xeral non se admitirá a subrogación dun novo propietario na condición de solicitante ou beneficiario das axudas, agás nos casos de sucesión *mortis causa*, adquisición da propiedade como consecuencia de procesos de disolución e liquidación de persoas xurídicas, operacións de fusión ou escisión

parcial ou total de sociedades ou naqueles outros casos nos que, a xuízo do órgano competente para a concesión das axudas, a transmisión da propiedade do buque e a subrogación do novo propietario na posición do solicitante ou beneficiario non desvirtúe a finalidade das axudas e se cumpran todos os requisitos do punto 3 deste artigo. En calquera caso, o novo beneficiario deberá cumprir os requisitos desta orde e asumir as obrigas derivadas da concesión.

Artigo 23º.-Prazos de execución.

1. Con carácter xeral, e salvo que a resolución individual de concesión de axuda dispoña un prazo distinto, o prazo para a xustificación material e documental da finalización dos investimentos será ata o 31 de outubro do ano correspondente ao exercicio económico de que se trate. Este prazo poderá ser prorrogado por resolución expresa do órgano concedente logo de solicitude do beneficiario e por causas debidamente motivadas. Cando a prórroga solicitada implique a ampliación ou modificación das anualidades da subvención concedida, a súa concesión requirirá a correspondente fiscalización previa, sendo imprescindible que o solicitante garanta o bo fin do investimento mediante aval ou depósito en metálico polo importe total da axuda (diferenza entre o aval establecido no artigo 20.4º e a axuda) máis os xuros calculados ao tipo de interese legal do diñeiro vixente no momento da concesión.

2. Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación xustificativa, entenderase que renuncia á subvención. Neste caso o órgano concedente ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 24º.-Xustificación e pagamento dos investimentos.

1. Para o pagamento da axuda é imprescindible o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que o investimento obxecto da axuda estea realizado de conformidade coa resolución de concesión e integramente rematado, o cal se xustificará mediante a oportuna acta de fin de obra, que se realizará previa solicitude do beneficiario. Con carácter excepcional, e sempre que así o estime a Dirección Xeral de Estructuras e Mercados da Pesca, poderase realizar unha acta de fin de obra para aqueles solicitantes das axudas recollidas nesta orde que, antes da resolución destas, motiven esta necesidade.

b) Os investimentos teñen que estar pagados.

c) Que os beneficiarios estean ao día das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e que non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

d) De ser o caso, que os barcos achegados como baixa fosen retirados da actividade pesqueira.

e) Ter a correspondente autorización da Capitanía Marítima para a realización das obras e a experiencia de estabilidade naqueles casos nos que sexa necesaria.

2. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase de acordo coas bases da convocatoria de axudas e a resolución de concesión. Os formularios da solicitude de cobramento en formato electrónico poderanse descargar na páxina web da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos <http://webpesca.xunta.es>.

3. A solicitude de pagamento presentarase en calquera das delegacións territoriais ou comarcais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e irán acompañadas da seguinte documentación, da que se achegará un exemplar orixinal e tres copias simples:

a) Relación de xustificantes, seguindo o modelo incluído no anexo V.

b) Facturas orixinais do investimento realizado, que poderán ser devoltas por pedimento do interesado, unha vez tomada razón de que foron usadas para a percepción de axudas do Fondo Europeo da Pesca. As facturas, que, se é o caso, se entreguen ao beneficiario serán marcadas cun carimbo no que se indique o financiamento do FEP.

c) Certificación bancaria acreditativa dos pagamentos realizados correspondentes ás mencionadas facturas. Os certificados bancarios indicarán a factura ou factura que soportan. Non se admitirán pagamentos en efectivo.

d) Formulario do anexo II desta orde relativo ao financiamento deste proxecto no momento do pagamento.

e) Certificado bancario acreditativo da titularidade do solicitante e identificación da conta para o pagamento da axuda se é distinta á achegada no momento da solicitude.

f) Cando o importe do gasto elixible supere a contía de 30.000 euros no caso de execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministracións de bens, o beneficiario deberá presentar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que se xustifique que polas especiais características dos gastos non existe no mercado suficiente número de entidades que o presten. A elección das ofertas presentadas deberá xustificarse expresamente cando non recaia na proposta máis económica, respondendo en calquera caso a criterios de eficiencia e economía.

g) No caso de que se achegasen baixas para os investimentos realizados, certificación da Capitanía Marítima correspondente acreditativa de que as baixas foron retiradas da actividade pesqueira mediante a entrega da patente de navegación e do rol, e de que se iniciou o expediente de despezamento. Se o procedemento de retirada da actividade pesqueira é distinto do despezamento, acreditarase suficientemente este feito.

h) Copia da autorización da Capitanía Marítima para realizar as obras, cando esta sexa necesaria.

i) Calquera outra documentación que se indique na resolución de concesión.

4. No caso de que o investimento fose xustificado por menor contía que a considerada como elixible inicialmente, poderase minorar a axuda na mesma proporción, sempre que esta minoración na xustificación da axuda non afecte aspectos fundamentais do proxecto e non supoña unha realización deficiente deste.

5. En ningún caso o custo de adquisición ou de execución dos gastos subvencionables poderá ser superior ao seu valor de mercado.

6. No suposto de falta de xustificación documental ou material, o beneficiario perderá o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

7. Os servizos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos emitirán un certificado sobre o grao de realización do investimento, así como da súa adecuación, tanto ao proxecto que serviu de base para a concesión da axuda, coma aos xustificantes de gasto presentados.

Artigo 25º.-*Garantías.*

Os avais ou depósitos en metálico previstos nos artigos 20º e 23º desta orde serán depositados na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Economía e Facenda.

Unha vez comprobada a realización dos investimentos para os que se concedeu a subvención, as garantías serán liberadas.

Artigo 26º.-*Cesión ou transmisión das axudas.*

1. A cesión ou transmisión das axudas outorgadas ao abeiro desta orde non terán validez cando non sexan previamente autorizadas polo órgano que as concedeu.

2. A transmisión dos bens obxecto das accións subvencionadas dentro dos cinco anos seguintes á data da resolución de pagamento da axuda deberá ser previamente posto en coñecemento da autoridade que a outorgou para a súa autorización. No documento público da transmisión deberá o novo propietario subrogarse en todas as obrigas contraídas polo transmitente e, en particular, deixar constancia do importe da axuda concedida, así como a de non efectuar ningunha modificación fundamental das establecidas no artigo 56 do Regulamento (CE) 1198/2006.

Dentro dos tres meses seguintes á data da transmisión, o transmitente remitirá á Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca unha copia do documento público de transmisión.

3. O incumprimento das obrigas establecidas neste artigo será causa de reintegro da axuda.

Artigo 27º.-*Verificación posterior ao pagamento da axuda.*

Os servizos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos realizarán os controis oportunos para veri-

ficar que a acción subvencionada non teña, nos cinco anos seguintes á data da resolución de pagamento da axuda, unha modificación fundamental, das establecidas no artigo 56º do Regulamento (CE) 1198/2006.

Artigo 28º.-Reintegro das axudas.

1. Procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida e do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Para o devandito procedemento de reintegro terase en conta o establecido no capítulo II do título II da Lei de subvencións de Galicia.

3. Serán causa de reintegro, de acordo coas directrices comunitarias para o exame das axudas estatais no sector da pesca e da acuicultura (2008/C 84/06), a comisión de infracción polo beneficiario ao dereito comunitario e, en especial, ás normas da Política Pesqueira Común, durante o período cuberto pola subvención. O reembolsamento das axudas será proporcional á gravidade da infracción cometida.

Artigo 29º.-Infraccións e sancións.

Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, aos beneficiarios das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 30º.-Autorizacións do beneficiario.

1. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para incluír e facer público nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións os datos relevantes referidos ás axudas recibidas, así como as sancións impostas conforme o establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de la Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de estar ao día, nas obrigas tributarias e de Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puideran ser obtidos polo órgano xestor, poderanlle ser requiridos ao beneficiario.

Artigo 31º.-Publicidade.

1. En aplicación do establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Gal-

cia, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

2. De conformidade co establecido no artigo 13, punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará na súa páxina web oficial (<http://webpesca.xunta.es>) a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Disposicións adicionais

Primeira.-En todo o non previsto nesta orde observarse o disposto na normativa mencionada no artigo 3º (marco normativo), así como nas prescricións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segunda.-Delégase no director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca a resolución destas axudas.

Disposición transitoria

Unicamente con vixencia para a convocatoria de 2009 consideraranse subvencionables os investimentos realizados desde o día 1 de xaneiro de 2007 e que foran pagados despois desa data, sempre que contengan coa correspondente certificación de non inicio realizada polos servizos da consellería e que, solicitando axudas ao abeiro das ordes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 22 de abril de 2008 (DOG nº 82, do 29 de abril) e do 16 de abril de 2008 (DOG nº 109, do 6 de xuño), non obtivesen resolución favorable.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira.-Quedan sen efecto as bases reguladoras das axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade, aprobadas por Orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 16 de abril de 2008. Non obstante, seranlle aplicables as súas disposicións aos procedementos derivados de solicitudes presentadas ao abeiro da citada orde.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2009.

María Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS
 MARÍTIMOS

ANEXO I

UNIÓN EUROPEA
 FONDO EUROPEO
 DA PESCA



PROCEDEMENTO AXUDAS AUTONÓMICAS PARA INVESTIMENTOS NA FLOTA PESQUEIRA DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE107D	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

<input type="checkbox"/> ARMADOR(*) <input type="checkbox"/> PROPIETARIO			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E na súa representación:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DE SUCURSAL	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE		ENDEREZO (RÚA)	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	

Nome do barco: _____ Matrícula e folio: _____

Autorización para a modernización de data: _____

Asociación ou organización pesqueira: _____

AUTORIZO O ÓRGANO GESTOR

- 1) A obter dos organismos competentes os certificados de que a entidade que represento está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e sociais e non ten débedas pendentes de pagamento coa Xunta de Galicia.
- 2) A facer públicos nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, se é o caso.

De conformidade co artigo 13.4º de la Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración Pública galega, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios da su publicación na citada páxina web.

En cumprimento do disposto no artigo 5 de la Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta Consellería como responsable do ficheiro.

(*) Folla de asento na que figure o solicitante nesta condición.
 Contrato arrendamento do buque

LEXISLACIÓN APLICABLE - Regulamento (CE) nº 1198/2006, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Pesca. - Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca.
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE /AO REPRESENTA Lugar e data _____ _____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	REVISADO E CONFORME	_____
		DATA DE ENTRADA
		____/____/____
		DATA DE EFECTOS
		____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____

ANEXO II

DECLARACIÓN DE FINANCIAMENTO DO PROXECTO

--

solicitante de subvención para investimentos a bordo do buque pesqueiro

--

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS OS DATOS QUE ABAIXO FIGURAN ACERCA DO FINANCIAMENTO DO PROXECTO

Axudas concedidas:

- Non se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
- Si se me concedeu axuda para este mesmo proxecto.

<i>Tipo de axuda</i>	<i>Importe</i>	<i>Convocatoria no DOG</i>	<i>Data da convocatoria</i>	<i>Data de resolución</i>	<i>Entidade concedente</i>

Axudas solicitadas:

- Non solicitei ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
- Si solicitei axuda para este mesmo proxecto.

<i>Tipo de axuda</i>	<i>Importe</i>	<i>Convocatoria no DOG</i>	<i>Data da convocatoria</i>	<i>Data de resolución</i>	<i>Entidade concedente</i>

Outras fontes de financiamento para o proxecto:

Recursos propios: importe Préstamos: importe Entidade Outros (especificar)

Lugar e data

, de de

Asdo.:

ANEXO III

(Para cubrir pola Administración)

Subvencións concedidas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos cofinanciadas co FEP para investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade

Código expediente	Importe	Concedida	Cobrada	Renuncia

50% axuda paralización:

--

ANEXO IV

FORMULARIO DAS OBRAS DE MODERNIZACIÓN

Desagregamento das obras en función dos aspectos ou investimentos subvencionables.

1.- Mellorar a seguridade a bordo do buque

1.1.- Equipamentos electrónicos

	Importe (sen IVE)
SUMA	

1.2.- Sistemas de alarma

	Importe (sen IVE)
SUMA	

1.3.- Peches e proteccións

	Importe (sen IVE)
SUMA	

1.4.- Outros

	Importe (sen IVE)
SUMA	

2.- Mellorar as condicións de traballo

2.1.- Haladores triplex

	Importe (sen IVE)
SUMA	

2.2.- Montacargas, ascensores e cintas transportadoras en bodegas

	Importe (sen IVE)
SUMA	

2.3.- Mellora nas condicións de habitabilidade e da vida a bordo

	Importe (sen IVE)
SUMA	

2.4.- Outros

	Importe (sen IVE)
SUMA	

3.- Mellorar as condicións de hixiene

3.1.- Aseos todo en aceiro inoxidable

	Importe (sen IVE)
SUMA	

3.2.- Potabilizadoras

	Importe (sen IVE)
SUMA	

3.3.- Outros

	Importe (sen IVE)
SUMA	

4.- Mellorar a calidade dos produtos

4.1.- Salabardeos parciais de cope para alixeirar peso

	Importe (sen IVE)
SUMA	

4.2.- Tanques de arrefriamento con xeo líquido

	Importe (sen IVE)
SUMA	

4.3.- Sistemas de ultrafrío

	Importe (sen IVE)
SUMA	

4.4.- Outros

	Importe (sen IVE)
SUMA	

5.- Mellorar o rendemento enerxético

(Neste punto poñer as obras que se refiren a unha mellora no rendemento enerxético que non sexa a substitución de motores para o que existe outro punto)

	Importe (sen IVE)
SUMA	

6.- Mellorar a selectividade

(Neste punto poñer as obras que se refiren a unha mellora na selectividade que non sexa a substitución das artes de pesca para a que existe outro punto)

	Importe (sen IVE)
SUMA	

7.- Inversións solicitadas ao abeiro do RCE 744/2008

- Equipos que melloren significativamente o rendemento enerxético
- Motor auxiliar que melloren significativamente o rendemento enerxético
- Equipos que reduzan as emisións

	Importe (sen IVE)
SUMA	

MEMORIA: breve explicación das obras que se van levar a cabo

Substitución do motor

Segundo eslora total do buque

Pesca costeira artesanal definida no artigo 26 do FEP

Potencia motor actual

Potencia motor novo

Importe

Menos de 24 metros non incluídos no parágrafo anterior

Potencia motor actual

Potencia motor novo (1)

Importe

(1) Mínimo 20% menos da potencia do motor actual

Grupo

Cód. buque	Nome	Zonas xestión faenan	Arte pesca pal.	Nº buque
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Máis de 24 metros

Potencia motor actual

Potencia motor novo (2)

Arte pesca anterior

Arte pesca nova

(2) Mínimo 20% menos da potencia do motor actual - Buques arrastre - Plan reestruturación do art. 21.1º f) FEP - Arte pesca

Grupo

Cód. buque	Nome	Zonas xestión faenan	Arte pesca ppal.	Arte pesca ant.	Plan salvamento	Nº buque
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Substitución de artes de pesca

(Artes de pesca máis selectivas)

Arte pesca anterior

Arte pesca nova

Importe

Tivo substitución

Plan de recuperación

Nova arte máis selectiva e prácticas ambientais recoñecidas

1ª Substitución

Garantir que se axuste aos novos requisitos técnicos en materia de selectividade estipulados na lexislación comunitaria. A axuda poderase conceder ata a data en que sexa obrigatorio, ou excepcionalmente durante un curto período despois desta data.

Reducir o impacto da pesca nas especies non comerciais

RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA**A.-Se o solicitante é persoa física e propietario do buque**

- Copia cotexada do DNI do asinante da solicitude

B.-Se o solicitante é persoa física e armador do buque

- Folla de asento actualizada en que figura o asinante na súa calidade de armador
- Copia autenticada do contrato de arrendamento do buque

C.-Se o solicitante é persoa xurídica

- Copia cotexada da tarxeta de identificación fiscal de persoas xurídicas
- Copia cotexada do DNI do representante
- Certificado rexistral en que figure a constitución da sociedade e os estatutos vixentes

D.-Se o solicitante é unha pluralidade de persoas

- Solicitude coa designación dun representante
- Solicitude asinada por todos os propietarios
- Copia cotexada do DNI de cada un dos propietarios
- Compromiso de non-disolución da agrupación ata transcorridos catro anos desde a concesión da axuda
- Certificación bancaria en que figuren todos os integrantes da agrupación como titulares
- Declaración responsable dos membros que forman a pluralidade e a participación de cada un en dita comunidade (anexo VII)
- Copia do CIF da comunidade
- Copia da escritura de constitución e dos estatutos da comunidade

Para todos

- Copia cotexada da autorización para a realización do investimento solicitado
- Certificación actualizada do Rexistro Mercantil acreditativa da propiedade do buque
- Formulario do anexo II da declaración do financiamento do proxecto
- Formulario do anexo IV sobre as obras de modernización
- Catálogos, especificacións e orzamentos
- Proxecto con facturas pro forma
- Certificación bancaria da conta onde se procederá ao pagamento da axuda

